

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición derradeira primeira autoriza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nel.

O Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle na súa disposición derogatoria que o artigo 12.5º do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo), queda derogado.

En consecuencia, a Orde do 21 de decembro de 2007, pola que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditada de conformidade coa derogada norma, debe modificarse para recoller as disposicións que derivan de tal derogación e, polo tanto, procede modificar en tal sentido os seus artigos 6 e 7.

En consecuencia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo único.-Modificación da Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os artigos 6 e 7 da orde de referencia quedan modificados segundo se recolle a continuación:

Un.-O punto 4 de artigo 6 queda redactado como segue:

«No cómputo das materias para efectos de promoción, consideraranse tanto as materias non superadas do propio curso como as de cursos anteriores. O proxecto interdisciplinar, cuxas características quedan expresadas no artigo 4, punto 8, non computará á hora de considerar o número de materias para os efectos de promoción ao seguinte curso académico».

Dous.-O punto 6 do artigo 7 queda redactado como segue:

«Para os efectos de titulación, computaranse como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores».

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 11 de xuño de 2008 pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de programas de educación familiar polas corporacións locais de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos de familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece, no seu artigo 15 a), como unha medida de prevención de posibles situacións de risco, o apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas técnicas dirixidas a cubrir as necesidades básicas e a mellorar o contorno familiar.

A existencia dunha rede de profesionais que desenvolven os programas para a educación familiar nos concellos galegos ten un carácter estratéxico para as políticas públicas de familia, tanto polo labor de prevención como de orientación e asesoramento que prestan. A Xunta de Galicia, en consecuencia, mediante esta orde de subvencións, apoia a existencia, mantemento e coordinación desta rede en cooperación cos concellos.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo) e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

As subvencións que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.30.312A.460.0, recollida na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e o importe destinado a elas ascenderá a 1.300.000 €, que poderá verse incrementado con